

¿Fixo ben?

Reproducimos deseguido o único relato de Leopoldo Base en galego.

Contidos:

- BASA VILLADEFrancos, Leopoldo: *¿Fixo ben?*, en *Almanaque Gallego para 1900*, Bos Aires.



CONSELLO DA CULTURA GALEGA
Arquivo da Emigración Galega

¿Fixo ben?

Fuxindo da probeza veu Antón coa súa filla pra América. Aló na terriña, baixo duns terrós e unha crus medio peneque, quedaba a parenta no ciminteiro durmindo pra sempre. ¡Probiña Sabela!

Ó chegar a Buenos Aires, Antón foi admitido nunha compañía ingresa de ferros-carrís, pra coidar dunhas agullas na vía por onde a besta negra das rodas no ventre pasaba ruxindo.

Sabeliña chamábase tamén a filla de Antón, e polo garrida era un milleiro de herbas cabreiras, un alcoube de meigallos. Con ela e o seu cariño entrañable; co troupelar estrepitoso do tren que era o mesmiño que o daló; co canto dos galeos que como aló cantaban; co prateado luar das noites quedas, críase Antón na súa terriña, e vivía felís, hastra que o díaño dun señorito puxo treidoramente os ollos en Sabeliña; sendo ó peor, que ela non lle dixó: “Non me cucas”, como a outros mil lles dixera.

* * *

Chegou Antón a saber que aquel señorito, falando un día cuns amigos, había dito que iba a rouba-la gallega do tren, que lle poñería unha casa moi churrusqueira pra engañala, e depois, cando se cansara dela, daríalle con perdón un couce no... e añadira tamén que non lle sería difícil, porque o pai era un besta, e a filla, a filla estaba tola por el, e conformábase con todo, hastra con fuxir, aunque aínda tiña delor de seu pai.

Antón, desde aquel punto, non volveu a dormir: notou que a rapaza lavaba na testa certo tolaxe que xa non lle deixaba nin cantar polas mañáns como as labercas da aldea onde nacera. Tembrou de verse soilo coa morriña, abandonado da filla da ialma, que era seu único amore... ¡Malo raxo!

Quixo o demo que unha noite atopara o galán palicando coa nena na mesma porta da casa, e pasándolle pola mente unha idea como un relaxo, invitouno a probar viño tostado do Ribeiro, pois truxera de Galicia dúas botellas do millor. Fíxolle beber canto quixo, deulle tamén un pouco de ron, e cando o tuvo ben borracho, mandou a Sabeliña que fora á vila a mercar non sei qué bagatela.

Faltaban des minutos pra que pasara un tren. A noite estaba como o mantelo da Virxe dos Dolores... Por aqueles lugares ninguén pasaba a aquelas horas... cargou Antón co gavilán borracho, andivo como tres centos metros de camiño, e deixando en medio da vía, como quen deixa un refaixo vello, correu a poñe-las señales de que non había novidade; e cando o tres pasou botando centellas, Antón, presinándose, dixó: Díos mo perdone, pro tiña o meu corazón feito un agulleteiro.